



## BANDO

Marián Ferreiro Díaz, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Narón,

### FAI SABER QUE:

Como consecuencia das vagas de incendios que todos os anos teñen lugar na nosa comunidade, a administración titular das competencias en materia forestal, isto é, a Xunta de Galicia, procedeu a modificar tanto a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Desde o Concello de Narón queremos lembrar as obrigas establecidas na lexislación autonómica en materia de distancias de plantacións con pistas e estradas para os propietarios dos terreos colindantes.

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia esixe que os terreos limítrofes con pistas e estradas estean libres de arborado nunhas distancias que van, dependendo do tipo de vía e especie vexetal, desde os 2 ata os 10 metros do dominio público. En concreto, **eucaliptais e piñeirais** deben afastarse un mínimo de **10 metros de estradas e vías de ferrocarril**, e un mínimo de **6 metros no caso de pistas, asfaltadas ou non, de polo menos 5 metros de ancho, que contén con polo menos unha cuneta**.

No caso de **frondosas** (castiñeiros, carballos, cerdeiras, loureiros...) a obriga de separación é de **2 metros**. Tamén se establece unha distancia, medida desde a proxección do **conductor mais externo da infraestruturas eléctrica**, de **5 metros** para todas as especies.

Ademais do lume, son cada vez máis frecuentes os temporais. Por mor da existencia de árbores podres, tortas ou en perigo de precipitarse á estrada, ou mesmo de pólas que invaden a vía pública dificultando o paso de vehículos (autobuses, camións do lixo, etc) ou que tocan os cables e as luminarias das instalacións de iluminación pública, acaban provocando avarías e incidencias, podendo ser incluso fonte de accidentes que poñen en risco a vida da cidadanía.



Quero apelar á responsabilidade da veciñanza para evitar estes problemas e así cumprir coa normativa autonómica na materia (**as sancións** que pode impoñer a Consellería de Medio Rural chegan ata **1.000 euros no caso de infraccións leves**, ata 100.000 euros no caso de graves, e ata 1.000.000 euros no caso das moi graves).

No caso de que as árbores toquen nos cables da iluminación pública e sexa necesario a retirada dos cables para retirar pólas/árbores, pode poñerse en contacto co **departamento de Servizos Externos no teléfono 981 397 007**, ou ben nas dependencias da Nave de Cabalar (Estrada de Cedeira, 10), para pedir a **colaboración dos empregados municipais**.

Por último, aproveito para lembrar tamén que, en relación coas redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, resulta obrigatorio para as persoas responsables, **antes de que remate o mes de maio de cada ano**, xestionar a biomasa vexetal nunha **franja de 50 metros perimetral ao solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable, arredor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoliñeiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte e arredor das edificacións illadas no solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte**.

Con carácter xeral, na mesma franxa de **50 metros** non poderá haber árbores das especies seguintes: **piñeiro galego, piñeiro do país, piñeiro silvestre, piñeiro de Monterrey, piñeiro de Oregón, mimosa, acacia negra, eucalipto, queiruga, carqueixa, xesta, uz, carpaza, xesta, piorno, fento, silva, toxo**, segundo establece a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.



A alcaldesa

**Marián Ferreiro Díaz**

**Narón, 29 de xuño de 2020**